

Memoria xustificativa do convenio de ocupación demanial entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra

1. Antecedentes

A entidade pública empresarial Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias atópanse, de acordo co establecido no artigo 26.2. b) da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a execución de actuacións declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 11/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproban os Plans Hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das Concas Mediterráneas Andaluzas, do Guadalete e Barbate e do Tinto, Odiel e Pedras declarou de interese autonómico a obra Melloras de saneamento e depuración no sistema de Pontevedra (apartado 5.4 do capítulo 12. Programa de medidas).

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de ocupación e de utilización do dominio público portuario de acordo co disposto no artigo 73.3 do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 5 de setembro e demais disposicións de aplicación, así como regular as relacións entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra no que incumbe á execución e explotación das actuacións descritas no "Proxecto e execución de obra do novo emisario submarino da estación depuradora de augas residuais de Praceres na ría de Pontevedra".

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

A entidade pública empresarial Augas de Galicia está interesada en ocupar dominio público portuario estatal adscrito ao Porto de Marín e Ría de Pontevedra, en réxime de concesión administrativa, co fin de levar a cabo infraestruturas de saneamento, consistentes na execución dun emisario submarino que verterá as augas tratadas da estación depuradora de augas residuais de Praceres e da súa futura ampliación nun punto da ría de Pontevedra profundo e afastado da costa, para conseguir producir unha afección mínima a esta ría.

A execución de infraestruturas de saneamento como as que se pretenden acometer está orientada a actividades vinculadas á interacción porto-cidade e das que se beneficia a explotación das instalacións do Porto de Marín e Ría de Pontevedra, supoñendo, por iso, un efecto positivo tanto para os municipios afectados como para o porto.



Que ao amparo do disposto nos artigos 73.3, 72.1 e concordantes do Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante a ocupación e a utilización que se pretende destínase a un uso vinculado á interacción porto-cidade, sen outra opción técnica que a utilización da zona de servizo.

O uso e a actividade son acordes cos admitidos e non poderían desenvolverse se non é dentro do dominio público, sendo o seu uso compatible co establecido no instrumento de delimitación de espazos e usos portuarios.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos

Este convenio non implica a asunción de ningún compromiso de gasto para Augas de Galicia, xa que o réxime económico da ocupación está previsto no Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2011, do 5 de setembro.

5. Vixencia do convenio

O prazo de vixencia do convenio e da ocupación demanial será de cincuenta anos, iniciándose o cómputo o día seguinte ao da subscripción do convenio.

O artigo 49 h) 1º da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do Sector público estipula que os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a 4 anos, salvo que normativamente se prevea un prazo superior. O Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, no artigo 83, regula o prazo das concesións demaniais para a ocupación do dominio público portuario con obras e instalacións nos desmontables, establecendo un período máximo de 50 anos.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)